



CONCELLO DE MUGARDOS

(A CORUÑA)

CONVOCATORIA

Polo presente, a fin de resolver asuntos que non poden esperar ata a convocatoria do vindeiro pleno ordinario, convócase a vde. á **SESIÓN EXTRAORDINARIA** a celebrar polo **CONCELLO PLENO**, no Salón de Sesiões desta Casa Consistorial, ás **09:30 h. do día 16 DE XUÑO DE 2020** en primeira convocatoria e dous días despois en segunda convocatoria, segundo o disposto no art. 90 do R.O.F.

A presente sesión, cuxa celebración levarase a cabo a porta pechada, ao non dispoñer este Concello dos medios tecnolóxicos necesarios para asegurar a telepresencia efectiva dos/as concelleiros/as; garantíndose así que a mesma se celebre en condicións de seguridade, autoprotección e distanciamento social, tal e como se establece na Resolución da Alcaldía núm. 370/2020, de data 05.05.2020, e evitando deste xeito, e por motivos de saúde pública, que se poidan producir aglomeracións de persoas. Todo elo en exercicio das competencias para a Xestión ordinaria dos servizos que conserva este Concello en aplicación do establecido no artigo núm. 6 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a Xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

O mesmo tempo, lémbrese a vde. a obriga de asistir, de non haber causa xustificada que llo impida. En caso de que a houbese e coa debida antelación, deberá comunicalo á presidencia, en evitación de sanción na que noutro caso puidera incurrir, con arrego ó art. 78.4 da Lei 7/85, do 2 de abril, e en relación co preceptuado no art. 12 do R.O.F.

A partir desta data, ten vde. á súa disposición nas oficinas municipais, os antecedentes e expedientes relacionados cos asuntos que figuran na orde do día que se detalla ó dorso da presente convocatoria.

Prégase puntual asistencia.

MUGARDOS, 11 DE XUÑO DE 2020



ASDO.: JUAN D. DE DEUS FONTICOPA

TABOLEIRO DE EDICTOS

ORDE DO DIA

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 27.05.2020 (5/2020)
- 2.- ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA XULLO 2020: SORTEO MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS.
- 3.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 353/2020, SOBRE ASUNTO: POS+2020 COMPLEMENTARIO. APROBACIÓN PROXECTOS CORREXIDOS.
- 4.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 442/2020, SOBRE ASUNTO: APROBACIÓN DO POS+ ADICIONAL 1/2020 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19.
- 5.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL (ROM).
- 6.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FENE E O CONCELLO DE MUGARDOS PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO DEPARTAMENTO DE XESTIÓN ECONÓMICA NO CONCELLO DE FENE.
- 7.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 414/2020 SOBRE ASUNTO: REINCORPORACIÓN DE EMPREGADOS/AS MUNICIPAIS AOS SEUS POSTOS DE TRABALLO.
